


Crea/acción

Experiencias e recursos para a creación literaria



Bibliografía básica

CHAZIN, SERGIO MARIO e QUERO, MARGARITA (1993), *Juegos, cuentos y poemas. Cómo educar jugando*. Madrid: Escuela Española.

GARDELLINI, RITA (2004), *Alumnos lectores... Alumnos escritores*". Provincia de Santa Fé: Talleres de la Cámara. <http://www.educared.org.ar/concurso-3/resenia/pdf/Gardellini.pdf>

GARCÍA TEIJEIRO, ANTONIO (2009), *A poesía necesaria*. Vigo: Galaxia.

MARCO, MARCELO DI (1997), *Taller de corte & corrección. Guía para la creación literaria*. Buenos Aires: Sudamericana.

MARCO, MARCELO DI (1999), *Hacer el verso. Apuntes, ejemplos y prácticas para escribir poesía*. Buenos Aires: Sudamericana.

MORENO, VÍCTOR (2008), *Dale que dale a la lengua*. Pamplona: Pamiela.

MORENO, VÍCTOR (2004), *El deseo de escribir*. Pamplona: Pamiela.

OBRADOIRO DE LINGUA GIANNI RODARI (2004), *Gramática insubordinada*. Vigo: Xerais.

ORTEGA, EMILIO (1986), *El baul volador*. Zamora: Junta de Castilla y León.

PENNAC, DANIEL (1993), *Como unha novela*. Vigo: Xerais. Tradución de Emma Lázare e Moncha Fuentes Arias.

RODARI, GIANNI (1999). *Gramática da Fantasía. Introducción á arte de contar historias*, Vigo: Kalandraka. Tradución de Silvia Gaspar.

Metodoloxía

- 1.- Breve explicación da actividade proposta.
- 2.- Creación literaria de cada participante no obradoiro. Polo xeral o traballo é individual, agás nalgunha actividade na que se poderían formar pequenos grupos de traballo.
- 3.- Lectura pública das devanditas creacións por parte de cada autor/a ou dun voceiro no caso de seren traballos grupais.
- 4.- Análise e comentarios sobre as creacións dos participantes.
- 5.- Proposta de lecturas complementarias para mellorar aspectos creativos.

ACRÓSTICO

Somentes

Intentaba conseguir

Deixar na terra

Algo de min que me sobrevivise.

Lois Pereiro



A inicial manda...

Cada letra é productora de moitas palabras, porque cada palabra comeza, se desenvolve e acaba con outras letras. Propoñemos traballar co seguinte modelo constituído polas letras iniciais de cada palabra. Esta consigna permite atopar palabras inesperadas.

Formar palabras coas letras iniciais de maneira que cada unha ligue coa anterior para que resulte un conto.

M..... a..... f..... q..... o..... p.....
G..... D..... s..... d..... m..... u.....
g..... b..... n..... e..... f.....
d..... p..... a..... P..... N.....
q..... i..... q..... s..... b.....
n..... ch..... a r... .. e..... v.....
..... a..... c..... q..... ..

Moitos anos fai que o profesor Guiberto Domiciani se deixou medrar unha graciosa barba negra e foise de paseo a Perusa. Non quero insinuar que sen barba non chegaría a realizar esta visita á cidade que...

(Gianni Rodari, Guiberto e os etruscos)

Haiku ou haikai

breve poema de tres versos de 5 sílabas, 7 sílabas e 5 sílabas na súa estrutura máis clásica

kono michi wa

yuku hito nashi ni

aki no kure

(Este camiño / xa ninguén o percorre / agás o crepúsculo)

MATSUO BASHÔ (1644-1694)

kimi nakute

makoto ni tadaï no

kodachi kana

(De non estar ti / o bosque sería / demasiado grande)

KOBAYASHI ISSA (1763-1827)

Lipogramas

Xogos de palabras creados polo grupo literario francés OULIPO (Ouvroir de littérature potentielle, isto é, Obradoiro de literatura potencial), fundado por Raymond Queneau.

Ao grupo tamén pertenceu Georges Perec quen escribiu a súa novela *La disparition* (*La desaparición*)(1969) en forma de «lipograma», pois no seu texto non aparece nin unha soa vez a letra E, que é a vogal máis frecuente en francés.

E as traducións desta obra respectan a restrición, así a versión castelá (*El secuestro*) non inclúe a letra A, por ser a máis usada neste idioma.

Na actividade pódese facer uso do coñecido poema «A dama que ía no branco cabalo», do libro *Dona do corpo delgado* de Álvaro Cunqueiro. Como a composición ten un retrouso: *Na verde fror / as letras van de amor!*, entre todos crear un novo que non teña a letra A.

Cada participante terá que crear o resto do poema sen utilizar nunca a vogal A.